

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO II- N.º 84

Tema para debate

Os centros de profesores

A formación do profesorado

MERCEDES SUAREZ PAZOS


O proxecto do Ministerio comenza, neste apartado, enumerando as eivas que na actualidade existen na política de perfeccionamento do profesorado: polo seu carácter xerárquico, burocrático e teórico, as súas iniciativas deron lugar a resultados totalmente insatisfactorios. E de todos coñecido, e así o reconece tamén o Ministerio, que o núcleo básico da renovación pedagóxica no Estado Español atópase nos colectivos de ensinantes que levan moitos anos traballando sen apoios e sen contactos coa Administración educativa.

Ante esta penosa situación, o Ministerio propón un novo modelo de perfeccionamento permanente do profesorado en exercicio, que se cristaliza nos Centros de Profesores (CEP).

Aos CEP adxudicánselle unhas interesantes funcións: son centros de información, de documentación, de difusión, de recursos materiais e humanos, de renovación pedagóxica, de apoio, etc.

A filosofía básica dos CEP está en converter ao propio profesor en axente do seu desenvolvemento e perfeccionamento, ofrecéndolle un lugar onde poda contar con medios e persoas que resposten ás súas necesidades. Creo que estes presupostos son dignos de ser defendidos; mais, onde comencan as dúbidas dos Movimentos de Renovación Pedagóxica é nas estratexias que se seguirán na implantación e estruturación dos CEP.

En primeiro lugar, empregáranse como locais os espazos sobrantes dos



MAGAR

centros, ou os que podan ser cedidos polas corporacións municipais. Todos sabemos a escasez de espazos que presentan os centros escolares; coñecemos as penurias económicas das arcas municipais e o escaso interese que presentan as corporacións locais polos problemas educativo-culturais. E aquí temos xa o primeiro atranco: sen locais axeitados os CEP non poden funcionar.

En segundo lugar, a estruturación organizativa dos CEP, aínda que presentan un carácter formalmente democrático, pode constituir na práctica un obstáculo para a renovación peda-

góxica, polo menos aquí, en Galicia.

Ademais dos Seminarios de traballo, os CEP terán como órgano colexiado o "Consello de Dirección", constituído por: a) representantes dos profesores; b) representantes da administración educativa, e c) representantes das corporacións locais. Polo momento, temos serias dúbidas de que tais representantes sexan elixidos pola súa inequívoca defensa da renovación pedagóxica, e non por outro tipo de criterios máis ideolóxicos ou de favoritismo. A composición do Consello é fundamental, pois controla as funcións básicas dos CEP, ademais

de propoñer á persoa que desempeñe o cargo de director.

Dentro dos órganos unipersonais atópanse o director e o secretario administrativo, que poden ser liberados total ou parcialmente das súas responsabilidades docentes. O director é nomeado pola administración educativa a proposta do Consello de Dirección, por un período de tres anos, con posibilidade de ser renovado. Mentras esta elección non se realice, a Administración nomeará provisionalmente a un director.

As loitas polo control destes órganos pode desembocar no abuso do poder e no "amiguismo". Se non se elixen aos elementos máis destacados polo seu esforzo en aras da renovación pedagóxica, este proxecto será letra mollada, podrá servir de prestixio e curriculum para algúns amantes dos cargos, pero a verdadeira transformación da realidade educativa elixirá os vieiros e organizacións autónomas, fora dos canles institucionais. Niso, a historia é implacábel.

Os Movimentos de Renovación Pedagóxica cobran agora unha nova función: como colectivos deben afianzarse e recoller aos elementos máis dinámicos, ate constituírense nunha verdadeira alternativa á situación escolar dominante, e, xa como individuos particulares, tentar de dinamizar o funcionamento dos CEP; mais, se os Centros de Profesores toman o camiño da rémora e da burocratización, haberá que abandonalos á súa propia sorte.

Sobre os Programas renovados

ATILANO

O incluír nos "Programas renovados" da Xunta materias como psicomotricidade ou xogo dramático e non prever a infraestrutura necesaria para o seu coñecemento vivencial nas Escolas de Maxisterio cabo dos novos mestres e de reciclaxe a través de cursiños e seminarios permanentes que impliquen á totalidade de mestres en activo seméllame ridículo e esperpéntico; un disparo con fogueo; un feito valdío, prepotente. Renovación pedagóxica de salón. Por eso non podo por menos que lamentar esta montaxe orientada, cecais, á creación dunha imaxe renovadora nos medios de comunicación, cara as próximas eleccións autonómicas que descoida absolutamente as bases do pretendido

cambio.

Estes señores de corbata rancia necesitan das nosas rancias barbas para se decir innovadores. De nos, que fumos as veces expedientados e sempre mal vistos por levar adiante actividades "marxinales". Agora estamos de moda. Pois ben, se ha de beneficiar á nenez vendamos a nosa imaxe, sentémonos xuntos, dialoguemos, que nos fagan retratos sorrindo, vendamos a nosa imaxe e entreguemos o produto das nosas humildes investigacións. Pero exíxamos un PROXECTO PEDAGOGICO SERIO E OPERATIVO DENDE A SUA ORIXE.

Consultada a documentación pertinente o horario semanal destinado a "Actividades Artísticas" nun

centro de EXB resulta como sigue CI 3 horas; CM: 2 horas e media; CS: 1 hora e media. Se aínda por riba temos en conta que hay que repartir entre plástica, música e xogo dramático resulta obvio que o seu interese e puramente testimonial e que non podemos agardar un cambio significativo por vía institucional.

Na miña calidade de colaborador na redacción dos "Programas renovados", tiven a ocasión de participar en asembleas de zona para informar dos mesmos ós compañeiros dos, denominados "centros piloto", presumiblemente capacitados para levalos adiante. ¡Qué desacougo! Cáseque ningún tocaba materias como música, plástica ou xogo dramático... qué decir da psicomotrici-

dade. E os executivos da Xunta pretendían que cun espiche de vinte minutos que lles largabamos se puxeran a andar... Na xuntanza seguinte, en ausencia dos persoeiros, confesaban que non leran os programas, que non os entendían ou simplemente que os nenos o que tiñan é que aprender a ler, a escribir, un pouco de contas e que nos deixáramos de lideiras estranas.

Se temos en conta a importancia que as "Actividades artísticas" que engloban o feito teatral, teñen cara ó desenrolo da sensibilidade, creatividade, capacidade de improvisación e dalgunha maneira preparación para unha vida sana e equilibrada, cumpre emprender, por libre, a tarefa de ilusionar e sensibilizar

Informe

Fin de curso no Ferrol

AGUSTIN FERNANDEZ PAZ

Ferrol é unha cidade atípica. Unha cidade marcada polo grande peso da Marina (agora diminuído) que, socialmente, impuña o resto a súa escala de valores. Os traballadores da construción naval, o outro bloque socialmente representativo, non podían evitarlo asumíndos os valores propios da Marina (inda que fose para rexeitalos), xerando unhas relacións sociais extrañas, que inda hoxe marcan unha boa parte da vida de Ferrol e bisbarra.

Tendo en conta o anterior, non extraña ver que os comportamentos diglósicos se manifestan con máis forza ca noutros sitios, que o galego está desterrado de certos ambientes e que falalo inda pode provocar reaccións de carraxe. Cidade que sempre aceptou mal o estar en Galicia, que tivo a honra non parecer galega e que presumiu do ben que aquí se falaba o castelán. Modelos de comportamento que se repetían —degradados— nas vilas da bisbarra; modelos que, pouco a pouco, van perdendo forza, pero que inda explican moito do que aquí sucede.

Outra das características da bisbarra é o forte desenrolo do ensino privado (froito do dito máis arriba), que goza dun grande prestixio (e non por causas obxectivas) ó tempo que se da unha minusvalorización do ensino público, que "mal pode ser bo sendo gratuito". Hai que dicir que tamén isto está a cambiar, lentamente. Pero pode darse, por poñer un exemplo, o caso de que destacados dirixentes da esquerda manden ós seus fillos ó privado, inda que teñan o público a carón da casa.

E, inda que non case ben co anterior, hai que destacar que esta é unha zona tradicionalmente de esquerdas (lembramos, por exemplo, que Mugaros xa tiña alcalde comunista no 36), que padeceu unha forte represalia nos anos de postguerra. A guerrilla, movemento tan importante como descoñecido, tivo aquí unha grande incidencia. E non é necesario lembralo papel desta bisbarra dentro da loita do movemento obreiro galego.

Esta conciencia de esquerdas (dentro do que cabe, aquí e agora) xerou, entre outras cousas, un forte pulo asociativo, que se manifesta na existencia dunha chea de pequenas sociedades culturais, deportivas, artísticas, etc., cunha historia que arranca, en moitas ocasións, da seiva renovadora que trouxeron os emigrantes americanos. Isto afecta ó ensino, e así as APAS teñen vida real, serven de canle a unha preocupación polo ensino, pola cultura, inda que (ó meu ver) sexa unha preocupación asentada en parte sobre cimentos de area.

Tendo en conta todo o dito ata aquí é como se pode facer unha crónica dos

aconteceres deste curso na bisbarra. Curso que estivo marcado polos conflitos da reconversión naval, nunha zona de monocultivo industrial e na que, como dixemos, a Marina e a construción naval son os dous eixos ó redor dos que xira o resto. O conflito, que xa viña de atrás, dominou todo o curso. O "Hortensia", que caeu aló polo mes de xaneiro, foi un símbolo da desfeita que habería culminar meses máis tarde.

As repercusións do conflito foron moitas e de todo tipo: económicas, sociais, psicolóxicas... e, por unha vez, á escola foille imposible vivir indiferente á realidade. Folgas, manifestacións, asambleas, peticións de solidariedade por parte dos colexios, problemas nas familias... Astano foi unha lección práctica de Ciencias Sociais, que todos dun xeito ou doutros fomos aprendendo.

Pero, sen esquecer nunca a reconversión, hai outros puntos de interés nesta crónica. Un é o da galeguización do ensino, que nesta zona é desigual e contradictorio. Existen colexios nos que esta preocupación é prioritaria, recibindo ademais o apoio da comunidade educativa. Pola contra, en bastantes colexios públicos e na case totalidade dos privados, a lingua galega non pasa de ser unha anécdota que se despacha de calquera xeito. En conxunto, sen embargo, o camiño andado xa non é pouco.

O da galeguización do ensino está relacionado (entre outras cousas) coa existencia na zona dun grande número de profesionais do ensino preocupados polo que, para entendernos, chamaremos "renovación pedagóxica". Extrañamente, isto non callou nunha coordinación desexable, polo que tódolos traballos que se fixeron nos colexios (algúns deles certamente valiosos) non tiveron a necesaria trascendencia. Houbo, iso sí, acontecementos destacables (Xornadas Pedagóxicas de Mugaros, Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós", Xornadas da ASPG, etc.), pero sen unha continuidade ó longo do ano. O traballo e a oferta cultural e educativa máis continuada veu da man dalgúns concellos exemplares neste tema. Merece citarse o de Fene, que non parou de facer cousas en todo o ano, algunhas de tanta trascendencia como a posta en marcha da emisora municipal "Radio Fene" (que xa organizou un concurso de programas escolares de radio, con moita participación) e do "Taller de Video" (que ven de convocar, asimesmo, un concurso de guións didácticos).

Pode considerarse este curso, ó meu entender, como de transición. Hai posibilidades de abondo para pensar que estes meses vindeiros traian consigo unha meirande dinamización cultural e pedagóxica. Xa o contaremos.

Libros

Y colorín colorado, los cuentos no se han acabado

ANTONIO GARCIA TELJEIRO

"EL SABIO REY LOCO Y OTROS CUENTOS".—Empar de Lanuza. Editorial La Galera. Col. Los Grumetes de la Galera. Ilustraciones Montserrat Ginesta. 116 páginas. Lectores a partir de 9 años.

Y fueron felices
y comieron perdices.
Y colorín colorado
este cuento se ha acabado.

Así, de manera tan tradicional y querida, terminan estos dieciséis cuentos de la pedagoga valenciana Empar de Lanuza, una mujer dedicada a la enseñanza de los niños con problemas en el aprendizaje de la lectura, la escritura y el lenguaje.

Y no es extraño que la autora haya puesto este final de manera global a este ramillete de cuentos, porque sinceramente tienen una evidente relación de forma con aquellos típicos de la tradición oral que recopiladores y transformadores han ido dejando escritos para deleite de pequeños y adultos. En efecto, el libro "El sabio rey loco y otros cuentos" son dieciséis relatos breves, de corte tradicional pero en los que los temas de hoy en día afloran sin ocultación alguna. Estos cuentos son tratados de muy variadas formas, y constatan la capacidad de creación de esta escritora, conocedora a fondo del complejo mundo infantil.

En ellos podemos encontrarnos personajes con un carácter muy singular dentro de unas situaciones hábilmente trazadas; objetos que pasan de lo inanimado a la animación más pura y natural; animales convertidos en personas, capaces de desplegar actitudes cercanas a la personalidad de los niños. De esta forma nos podemos encontrar con un rey que no sólo quiere probar la fidelidad de sus súbditos haciéndose pasar por loco, sino también su inteligencia y su rebelión ante lo injusto, un niño que quiere vencer la cobardía que lo embarga, una princesa anti-convencional a la que no le va la vida que le tienen asignada, la astuta lechera que se las tiene que ingeniar para recuperar el dinero que la leche que tenía para vender le puede proporcionar y que debido a su gran corazón ha ido regalando, unos gorriños decididos a darle un escarmiento a Marianin, imperterritito cazador de pájaros y un sinfín de personajes y acciones descritas con gran ternura y cariño, que hacen en este vo-




lumen un auténtico placer para todos los amantes del cuento a secas. No puedo ocultar que Andersen, Perrault o Grimm merodearon por mi cabeza durante la lectura de muchos de los relatos. Por supuesto que hay enormes diferencias (los temas, por ejemplo, nada tienen que ver), pero estoy seguro de que la autora es una ferviente admiradora de la literatura de tradición oral. La dedicatoria del libro lo patentiza: "A mi madre y a todos los que, como ella, son anónimos narradores de cuentos". Está claro y creo que podíamos retomar la dedicatoria para volver a hacer hincapié en la importancia de la narración oral de cuentos a los pequeños. Es un tesoro popular que no debemos dejar perder. En estos momentos de supertecnificación nuestra voz directa y viva puede jugar un papel fundamental en la formación del niño.

Volviendo al libro, habrá que decir que es interesante de principio a fin. Si, porque flanqueando los cuentos, nos encontramos una introducción muy válida de Enric Valor que nos aproxima al cuento popular, a la autora y a su obra. Y rematando el volumen, un apartado que poseen todos los libros de esta colección: "Hablemos del libro", en el que se proponen preguntas imaginativas y de comprensión, así como ciertas puntualizaciones sobre el texto a los pequeños. Se dedican unas líneas a hablar de cada cuento, encontrándonos con un material muy interesante para que animadores, profesores, etc. puedan sacarle un partido más amplio, si cabe, que el exclusivamente literario. Una característica didácticamente importante, para hacer del libro lo que tiene que ser: algo vivo que proporcione al lector el placer de leer y de penetrar conscientemente en su sugestivo entramado.


Maxistérico

PEPE CARREIRO


AMIGOS, O CAPITÁN AMÉRICA VEN HOXE COMA SEMPRE EN DEFENSA DA XUSTICIA



ASI QUE HOXE, O CAPITÁN AMÉRICA QUÉREVOUS PEDIR O VOSO APOIO A CAUSA SANDINISTA



SEICA ME FUN DO GUIÓN



Xogos



Ajedrez

FRANCISCO CARRERA PEREZ

El Rey

Al acabar la apertura surge el problema de dónde colocar el rey, o bien dejarlo en el centro o enrocar.

El enroque es una jugada muy particular en ajedrez. Es la única donde se mueven 2 piezas a la vez y sólo se puede enrocar una vez en toda la partida.

El enroque se realiza para esconder al rey y para dejar el camino libre a las torres. La experiencia de muchos años de práctica del ajedrez enseña que el rey se halla mejor situado en un flanco, donde es más difícil abrir brecha, que en el centro, donde la lucha es muy aguda.

En el diagrama 13 se observa al rey negro en el centro bajo el ataque de los 2 alfiles, la dama y un peón blancos. Es cierto que el rey blanco también está en el centro, pero puede enrocar cuando quiera y ponerse a salvo rápidamente.

Si no fuera por el caballo negro de 5 las negras estaban perdidas por los mates de alfil o dama. Pero a pesar del caballo las blancas fuerzan un mate en 2.





Diagrama 13

Sol. al ant.: 1. b5 a b5 2. c5 b.a4 (si 2. ... b.c5 3. a5 y el peón corona) 3. c.b6 a3 4. b7 a2 5. b8=D jaque y las blancas ganan.
¿Qué pasaría si las negras juegan 1. ... c.b5?
Las blancas ganan con 2. a5 con las mismas variantes.

A xanela



A HISTORIA DA PITA QUE ELIXIU A NOSA ESCOLA PRA POÑER. Contada polos propios escolinos de Os Prados. Cervantes (Lugo). EDITORIAL GALAXIA.


Esta historia entrañable e insólita non é máis que unha pequena parte dun fabuloso acontecemento: "Unha pita, polo seu antollo, compañeira entusiasmada da nosa escola". O contido desta publicación xurdiu dun traballo escolar espontáneo e con ela ó pasaredes tan ben coma os propios rapaces que fixeron posible a historia.

o pizarraín

Coleccionable para os mois pequenos

N.º 27




Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II Domingo 21 de Julio de 1984







LA MAQUINA DE HACER HIELO DE CARRÉ (1858)

Alimentación II

No
curral
de
Don
Mundo





OFICIOS

Alimentación (II)

ISIDORO CARVAJAL

- En el siglo XIX, la comida se convierte en un producto manufacturado
- También nacen, con el invento del frigorífico, los alimentos congelados

La industria alimenticia surge y se desarrolla en el siglo XIX con los progresos de la agricultura, la ganadería y la pesca. También colabora a este desarrollo el progreso de los transportes y especialmente, el gran avance que tuvo en este tiempo la física y la química.

He aquí varios ejemplos de esto:


-A principios de siglo, bajo el impulso de Napoleón I, la industria azucarera de la remolacha evoluciona hasta el punto que, ochenta años más tarde, el azúcar de remolacha cubre las tres quintas partes del consumo mundial.

-También, desde primeros del s. XIX, en Suiza, se empieza a fabricar industrialmente el chocolate.

-**Nicolás Appert** descubre el método de conservación, que consiste en esterilizar los alimentos privándolos del contacto con el aire después de calentarlos a temperaturas adecuadas. Este gran descubrimiento sucede a principios del siglo XIX, antes incluso de que se descubrieran los microbios. También Appert es el inventor de las latas de conservas, invento que data de 1817, procedimiento de conservación que sigue siendo básico en numerosas industrias de conservas de hortalizas, frutas, carne y pescado.

-En la segunda mitad del siglo XIX se llevan a cabo la comercialización de la primera margarina y especialmente, las aplicaciones alimenticias de la técnica de deshidratación, con las sopas en polvo de **Jules Maggi** y el extracto de carne de **Liebig**.

Desde entonces, la industria alimenticia no ha cesado de verificarse. Hoy la gran mayoría de los alimentos se nos ofrecen en el mercado manufacturados, preparados y bien conservados. ¡Un gran avance!



BARCO DE PESCA CONGELADOR

EL SECRETO ESTA EN LA CONSERVACION

Los productos alimenticios son materias orgánicas, pues proceden de organismos vivos condenados a descomponerse. Organismos vegetales o animales. Estas materias orgánicas son frágiles: continuamente son atacadas por los microbios (alteración de la carne o del pescado), el moho, los insectos; además el aire y el oxígeno alteran los alimentos; por ejemplo, las grasas se ponen rancias. Por todo esto, estas materias deben ser sometidas a un proceso de conservación. El hombre, desde muy antiguo, se preocupó de buscar el secreto de guardar y conservar los alimentos.

ANTIGUAS TECNICAS DE CONSERVACION DE LOS ALIMENTOS

Ya en la Edad Media estaba muy extendida la salazón del pescado y de la carne. Los holandeses y daneses descubrieron los salazones y la conservación de los arenques y del bacalao. Otra técnica de origen holandés es el ahumado: el pescado se expone durante varias horas al fuego

del roble y de haya. El secado del arenque consiste en prensar los arenques salados en un barril, de modo que no quede aire entre ellos. El secado de la carne al aire y al sol será la gran especialidad de los bucaneros de las Antillas, etc.

¿COMO SE MANTENIAN FRESCAS LAS BEBIDAS ANTIGUAMENTE?

Los persas y egipcios ricos lograron conservar nieve que después ponían en sus vasos. Para ello, los persas la amasaban en cantidades enormes durante el invierno, para que durase para todo el tiempo de verano. Otros la enterraban y la cubrían de paja. En España, concretamente en Madrid, se traía nieve y se almacenaba en subterráneos desde mediados del siglo XVI, aunque la costumbre de las bebidas frías toma auge en el siglo XVII, cuando Pedro Xarques, catalán, construye almacenes apropiados en la actual Glorieta de Bilbao y organiza caravanas que traen la nieve de Guadarrama. En Versalles existían depósitos en los que se conservaba el hielo y la nieve. En el s. XVII se servía el hielo en

platos. En el XVIII ya se fabricaban cubos de corcho para hielo y en el XIX, se traían al sur de Europa grandes cantidades de Suecia, Noruega e, incluso, de América del Norte: los bloques de hielo se conservaban en las bodegas de los barcos, enterrados en serrín.

EL DESCUBRIMIENTO DEL FRIGORIFICO

La utilización del frío para conservar los alimentos se debe a los descubrimientos científicos. En 1858, **Ferdinand Carré** construye un frigorífico por absorción a base de amoníaco, de funcionamiento intermitente, que más adelante se mejorará y se hará continuo. Esta máquina de hacer hielo fue presentada por Carré en la Exposición Universal de Londres, en 1862. Tuvo un éxito extraordinario.

Casi simultáneamente, **Charles Tellier** inventa el frigorífico por compresión. En 1920 aparecen en América los primeros frigoríficos individuales, y 1929 se empieza a utilizar la congelación.

LOS ALIMENTOS CONGELADOS Y LA "CADENA DE FRIO"

Los alimentos congelados son pro-

ductos sometidos a una congelación rápida a baja temperatura (-18°C) que conservan así sus propiedades alimenticias. Los alimentos tratados de esta manera deben estar en perfecto estado en el momento de realizar la operación. La rápida aplicación del frío tiene una influencia decisiva en la calidad final del producto. Por esta razón hoy se congela el pescado a bordo de los barcos de pesca.

¿A qué se llama una "cadena de frío"? Es un proceso de elaboración que consiste en lo siguiente; el producto se congela en el mismo lugar en que se pesca o recoge (en el caso de los vegetales). Luego se transporta en camiones frigoríficos hacia el centro de consumo. Después se coloca en los frigoríficos de las tiendas y finalmente, el consumidor lo guarda en el congelador de su frigorífico.

CADA VEZ HAY MAS CONGELACION DE ALIMENTOS

En 1960 apenas había alimentos congelados, pero su consumo ha ido en aumento. Hoy los celos que había hace años hacia los productos congelados han desaparecido prácticamente, ya que los modernos mé-



Nicolás Appert

todos de congelación hacen que los productos así conservados mantengan todas sus características y calidades. El control que se ejerce sobre estos productos es muy grande. En España hay una subdirección general de higiene alimentaria que vigila para que todos estos productos lleguen al consumidor en perfectas condiciones.

LOS OFICIOS DE LA ALIMENTACION

● EL ENOLOGO

Al técnico que se ocupa de la composición y conservación de los vinos, de hacer que maduren y cojan solera se le llama enólogo. El vino reacciona ante la acción de determinados microbios y fermentos y para prepararlo, se requieren los conocimientos de un químico y de un biólogo, cualidades que reúne el enólogo, conocedor de todos los procedimientos modernos de vinificación.

● EL POSADERO

Es un hostelero. Ofrece al viajero un refugio en un ambiente tranquilo y grato. Además es cocinero y prepara especialidades locales que constituyen uno de los atractivos de la región.

● EL "MAÎTRE D'HOTEL"

Es una profesión para ejercer en lugares de lujo, donde el "maitre" dirige al

personal y tiene otras funciones, como la redacción de los menús y la carta de vinos o preocuparse de que los comensales queden contentos y los comedores ofrezcan un ambiente cómodo y grato.

● EL COCINERO

No es fácil adquirir el puesto de cocinero en un establecimiento de comidas. Así, durante algunos años, el empleado se especializa. Empieza poco a poco aprendiendo a hacer una sopa, a preparar y presentar unos entremeses, a aderezar las carnes y pescados, a hervir las verduras, a hacer salsas... Cuando ya es un profesional cualificado puede trabajar en un gran restaurante como jefe de cocina. Algunos de los dueños de los grandes restaurantes situados en las principales ciudades son antiguos jefes de cocina que han adquirido fama internacional.

● EL BODEGUERO

En los restaurantes de nombre y en los grandes hoteles se confía la responsabilidad de sus bodegas a especialistas que se encargan de abastecerlas de exquisitos vinos. El bodeguero elige los vinos después de degustarlos y los conserva cuidadosamente. Ayuda al cliente a elegir, teniendo en cuenta el menú. Es un erudito en vinos, que sabe descubrir perfectamente las cualidades de los caldos, para recomendarlos.

● EL VENDEDOR DE ULTRAMARINOS

Es el que vende una gran diversidad de productos comestibles, pero sobre todo está especializado en el suministro de especias, café, chocolate, etc. de cuya salida y aprovisionamiento se ocupa personalmente. (Continuará).

Libros

Un grande diccionario infantil ilustrado

ALBERTO AVENDAÑO

Grande Diccionario Infantil Ilustrado



Unha cultura como a galega precisa de tódolos seus frentes para saír adiante e, sen dúbida, a edición en xeral, e a edición de material didáctico de consulta en particular, será algo sempre ben recibido entre os que estamos mergullados no mundo do libro en Galicia. Dí Ramón Piñeiro, prologuista da edición galega do diccionario que comentamos, que esta obra está "feita coa amorosa vontade de lles ofrecer ós nenos as palabras da súa lingua con toda a forza suxestiva para que as asimilen con gozo".

Trátase daquela dun diccionario en seis volumes editado por Artel/Marin e baixo a coordinación literaria de X.R. Pena, X.L. Grande e M. Rosales, todos eles profesores de galego de profesión, e o seu traballo consistiu, según propias palabras: por unha parte, na tradución e adaptación ó galego de tódalas entradas de carácter universal e, pola outra, na elaboración ou adaptación das novas entradas referidas a Galicia.

Cada palabra aparece en galego e castelán, e baixo delas pónense os seus equivalentes en inglés, francés, alemán, italiano, catalán e euskera; mentres o desenvolvemento, acompañado dunha ilustración a toda cor, vai exclusivamente en idioma galego. Obsérvase un especial tratamento para algunhas entradas. Por exemplo, tódolos países iberoamericanos inclúen artigos amplos con mapas onde figuran os datos económicos, bandeira, escudo e himno; información xeográfica, cultural e política. Ocorre isto tamén cos grandes Estados do mundo. Logo hai outra serie de artigos, coma os adicados á aviación, o automóbil, ou a navegación que levan bastantes páxinas acompañados por abundante material gráfico con deslramas e transvisions.

Con esta información toda hai que ter en conta a especial atención sobre Galicia que conleva a obra. Nesta versión galega inclúense entradas referidas a Galicia na súa literatura, arte, ciencia ou política. A parte do propio artigo GALICIA, tratado en pe de igualdade cos outros artigos referidos ós grandes Estados, tanto en información coma en extensión.

O Grande Diccionario Infantil Ilustrado é unha obra pensada para rapaces que son, en maior ou menor grado, bilingües; pero que moitas palabras as coñecen ó través do castelán. Daquela alfabeticamente atópanse os vocablos pola orde castelán que che leva ó seu equivalente galego e logo á explicación en galego do tema. Non obstante, existe

a posibilidade de utiliza-la obra, coma un diccionario galego onde a palabra en castelán funciona exclusivamente a xeito de equivalencia lingüística informativa.

Escrito dunha maneira fundamentalmente didáctica, como xa ocorría na versión orixinal, "trátase —din os seus coordinadores literarios—, de fuxir das complicacións innecesarias, de xeito que se consiga ir directamente da idea ó obxecto. Daquela pensouse na utilización da fotografía como elemento gráfico base; pero, finalmente, decidiuse o debuxo a toda cor dado o forte poder referencial deste, e a súa maior capacidade de aproximación. O debuxo, os deslramas, as transvisions, incitan máis ó xogo, de xeito que esteamos máis perante dun xoguete didáctico ca dunha enciclopedia ó uso".

Estamos diante dun diccionario con éxito de vendas nas linguas ás que está traducido: español, catalán, euskera e portugués; e en galego, no tempo que leva no mercado está sendo moi ben acolido.

Ainda que o seu nome indica que se trata dun diccionario infantil —incluía ciclos medio e superior de EXB—, dadas as características da obra e o actual proceso normalizador do idioma galego, pódese dicir sen reparos que é un diccionario que debería atraer moitos outros potenciais lectores e/ou consultadores: os primeiros cursos do BUP, co material para mestres e profesores, así como para todo aquel que se queira achegar ó galego dunha maneira descontrada, fortemente gráfica e esencialmente didáctica.

Propuesta didáctica

PAZ RAÑA LAMA

Ultimamente está aparecendo abundante bibliografía sobre a construción do coñecemento por parte do neno á luz da teoría de Piaget, e sobre a súa aplicación concreta ao ensino de diversas materias.

O libro que nos ocupa (1) corresponde precisamente a esta última categoría, posto que o seu obxectivo principal é deseñar unha metodoloxía de traballo dinámica para o ensino das ciencias no ciclo superior da EXB. Para iso a autora traballou durante dous anos con un grupo de nenos co fin de que aprendesen algúns temas do programa de ciencias sen "ensinar" explicitamente esa disciplina.

Nunha densa introdución a autora establece os principios que rexen a utilidade do libro, dos que se poderían destacar:

- crítica a certos discursos pedagóxicos imperantes, que priman a acción docente, e a aqueles programas actuais que non adecúan os contidos ao desenrolo do coñecemento infantil; criando todo isto unha disociación entre a transmisión de coñecementos que (o adulto) imparte e a comprensión por parte do neno.

- ofrecer un instrumento de axuda para o labor renovador na escola, que permita que os nenos adquiran unha ampla comprensión dos principais fenómenos do mundo natural. Para isto apunta, entre outras cousas, a importancia da selección de material para adecuar as actividades ao particular momento evolutivo no que se atopa o neno. Tamén subliña o interesante papel dos nenos na invención de experiencias para demostrar as súas crenzas e para a resolución de problemas.

A segunda parte consta de oito temas de ciencias que, baixo títulos significativos ("Dentro mío todo vive"... etc), abranxen contidos coma as propiedades da materia, as células o proceso dixestivo... etc.



A estrutura dos temas é común, e consta de:

- un contido esquemático do tema.

- unha proposta didáctica, onde vai incluído: o que pensan os nenos sobre o tema os erros que cometen con frecuencia e os acertos que conseguem.

- unha programación adaptada aos erros e acertos dos nenos, con profusión de obxectivos e actividades.

Cabe destacar a claridade expositiva dos temas, a sinxeleza con que se abordan estas experiencias, e, como consecuencia, o accesibel que resulta a proposta.

Por último aparece a referencia ao material de laboratorio entregado e que vai desde instrumentos típicos e con certo grau de sofisticación, (microscopios, probetas...), até os máis sinxelos (globos, plastilina...), ademais de unha interesante bibliografía científica, pedagóxica e psicolóxica.

(1) BENLLOCH, Montse: **Por un aprendizaje constructivista de las ciencias. Propuesta didáctica para el ciclo superior de básica. Aprendizaje. Visor Madrid, 1984.**

Anaqueel

- Rafael Ojea e Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia. O noso Concello. Guía do Alumno. Edita: Departamento de Educación do Concello de Vigo. Vigo, 1985.

Como complemento moi adecuado para as viaxes escolares que veñen sendo organizadas dende fai xa algúns anos, o Departamento de Educación do Concello vigués ven de editar unha atractiva guía para o alumno, onde de xeito moi ameno —ao que contribuen os debuxos do noso compañeiro colaborador nestas páxinas Pepe Carreiro— se lle dan ao rapaz os datos máis elementais sobre o funciona-




mento da administración municipal.

- Varios autores. **Encuentro Teatro y Educación.** Servicio de Publicaciones. Ministerio de Educación y Ciencias. Madrid, 1984.

Do 27 de xunio ao 2 de xulio de 1983 celebróuse en Madrid un Encontro Teatro-Educación, organizado polo "Colectivo de Pedagogía de la Expresión" (formado por Alfredo Mantovani, Elbio Sciarretta e Mariano Coello) e pola Subdirección Xeral de Perfeccionamento do Profesorado do MEC. Agora o Servicio de Publicacións do MEC publica as ponencias e comunicacións presentadas nese Encontro.

- A. Sanjuán, M. Pérez Pintos, P. Fernández Ferro y

OS XARDINS DO PAZO DE CASTRELOS



X. Pérez Pintos. **Os xardins do Pazo de Castrelos. Guía para unha visita botánica.**

Colección Materiais Pedagóxicos para estudia-lo medion.º 4. Edita Departamento de Educación. Sector de Cultura. Concello de Vigo.

Completísima guía sobre o Pazo de Castrelos da nosa cidade, adicado ás características botánicas das especies que poboan os seus xardins. Consta de catro apartados: planos dos xardins e catálogos das plantas; estilos e técnicas de xardiñería; suxerencia dun itinerario de visita e proposta de actividades. Imprescindible para un aproveitamento didáctico dunha das reservas botánicas máis ricas da cidade de Vigo.

Falando

Entrevista con Emilio Darío Liz Rodríguez

BERNARDO CARPENTE

Traemos, hoy, hasta nuestra "Pizarra", a Emilio D. Liz, profesor encargado del Centro de Recursos "La Doblada", para que nos hable de esa iniciativa de la Xunta de Galicia en cuanto a creación de los llamados Centros de Recursos. De ahí nuestra primera pregunta: ¿Qué son en realidad los Centros de Recursos?

—Aunque a nivel de EGB y en nuestra autonomía es una experiencia reciente, no lo es el concepto Centro de Recursos a otros niveles y en otros países. El Centro de Recursos o Departamento de Audiovisuales de la Universidad de Santiago, funciona desde hace bastantes años con una eficacia tal, que otras universidades del territorio nacional, acuden a él a recabar información y coordinar experiencia con el fin de ponerlas en práctica en sus respectivos distritos universitarios. Con esa idea, la Consellería de Educación y dentro del Programa de Educación Compensatoria, crea a nivel del territorio gallego 31 Centros de Recursos, cuya misión, recogida en la orden de 28 de enero de 1985, de la Consellería de Educación, es en síntesis la siguiente: Coordinar la distribución del material didáctico que los C. de R. tienen en depósito. Elaboración de material didáctico, asesoramiento del profesorado de la zona de influencia, servir de centro de reunión del profesorado, para producir material o intercambiar experiencias didácticas.

—Tú hablas de coordinar la distribución del material didáctico facilitado por la Administración, ¿quiere esto decir que serán los C. de R. los que se encarguen de dotar, según las necesidades, a los centros de EGB y que las dotaciones de material que los colegios reciben periódicamente, debe ser canalizada a través de los C. de R.?

—No. Son capítulos distintos. Una cosa es la dotación de material que la Xunta distribuye a los centros de EGB y otra es la distribución que los Centros de Recursos hacen con el material que tienen en depósito, y que sirve para cubrir unas necesidades de forma temporal que se puedan dar en los centros de la zona de influencia. Hasta nosotros han llegado comentarios sobre este tema. Se piensa que al dotar a los C. de R. de material tanto de laboratorio de ciencias como de medios audiovisuales, los centros de EGB, dejarán de recibir las dotaciones correspondientes, y nunca más lejos de la realidad, ya que nos consta que

en el ánimo de la consellería está el incrementar las dotaciones de material y lograr así una educación más completa así como la de una continua y eficaz actualización del profesorado.


—¿No pueden, según esto, los C. de R. promover cursillos de actualización?, porque tengo entendido que el Centro que tú regentas ha realizado ya cursillos de fotografía, por ejemplo y tiene previstos otros de laboratorio, de medios audiovisuales.

—Efectivamente, hace unos días se concluyó en el C.P. de Chans Bembrive de esta ciudad un Cursillo de Iniciación a la Fotografía, para alumnos de este colegio, y actualmente se está desarrollando otro en el mismo centro para profesores, y en lo sucesivo serán otros los que se realicen. Cuando un grupo de profesores está interesado en perfeccionarse en un campo determinado, se elabora un plan de trabajo, se presenta un proyecto de la labor a realizar, se dirige al organismo competente y si éste da el visto bueno, pues adelante. En el caso que nos ocupa, el camino a seguir fue ese.

—¿De quién dependéis vosotros, porque tengo entendido que no pertenecéis al Claustro del Centro en donde estáis ubicados?

—Los C. de R. de toda Galicia, y somos 31, dependemos en cuanto a la parte administrativa de la Consellería de Educación, que delega la coordinación de los mismos en un Inspector Ponente para cada provincia y que en nuestro caso es D. Javier González Rajo, Inspector Jefe. En cuanto a la parte técnica dependemos del Centro de Recursos de la Universidad de Santiago. Periódicamente tenemos, con unos y otros, reuniones en las que se elaboran las pautas de actuación a seguir, ya que cada tres meses tenemos que presentar una memoria del trabajo realizado así como un proyecto de realizaciones para el trimestre siguiente.

—¿Tu crees de verdad que los C. de R. tienen futuro?, ¿cómo fue su acogida por parte de los profesores?



—Estoy absolutamente convencido de que los C. de R. tienen mucho futuro ya que podrán prestar una gran ayuda a profesores que realmente sientan inquietud por mejorar la calidad de enseñanza. Ten en cuenta que aunque estamos empezando nuestra andadura, los proyectos, por parte de la Xunta son muy ambiciosos, ya que en un futuro próximo contaremos con un material sofisticado y de primerísima línea, tales como equipos de video, megafonía, cadenas de audición, laboratorios fotográficos, material de proyección, amén de equipos auxiliares para los departamentos de plástica y pretecnología, que sería antieconómico que lo poseyeran todos los centros, y que de esta manera lo pueden utilizar en el momento concreto que lo necesitan. Además de incrementar la dotación de materias de préstamo, está prevista aumentar la dotación humana, a base de personal cualificado, y poder prestar una mayor colaboración a los compañeros que están al frente de sus respectivos cursos.

—¿Cuál es el camino a seguir para poder

solicitar el material de que dispone? ¿Y durante cuánto tiempo?

—Muy sencillo. Cuando un determinado profesor o centro necesite material del Centro de Recursos, no tiene más que comunicarlo a éste y cubrir una ficha con el material que se lleva en préstamo. Por parte del profesor encargado, se le facilita todo tipo de explicaciones en cuanto a su funcionamiento y utilidad y al cabo de quince días lo devuelve. Si quisiera tenerlo más tiempo y es posible su cesión lo retiene otros quince días y así sucesivamente. Ten en cuenta que el material es para usarlo, y prefiero que se deteriore por uso que por desuso. Asimismo si un determinado material de paso, entiéndase: transparencias, cassettes, videotemas, etc., resultan de interés para el Centro y quiere tenerlo en propiedad con traer el soporte, en el C. de R. se le reproduce completamente gratis.

—Actualmente ¿de qué material disponéis los C. de R.?

—Bueno, contamos con equipos de laboratorio de Ciencias y Física y Química, aparatos de proyección de imagen y sonido, tales como: retroproyectors, proyectores de diapositivas, tocadiscos, cassettes, material de paso, entiéndase diapositivas transparencias, etc., material para plástica y música así como una amplia biblioteca para profesores y alumnos y material para pre-escolar.

—Bueno, llegamos al final de nuestra entrevista, ¿deseas añadir algo más?

—No, simplemente agradecerte la oportunidad que me brindas a mí y a mis compañeros para dar a conocer un poquito lo que son los C. de R. y hacer un llamamiento a los Centros para que acudan a ellos y entre todos tratar de mejorar la calidad de enseñanza por bien de la comunidad educativa de nuestra autonomía. Pienso que en esta tarea estamos obligados todos, Administración, padres, profesores, y, todos unidos lograremos sacar adelante y llevar a buen puerto la nave en la que pretendemos construir un país más "fácil" para nuestros hijos. Gracias.

La mujer vista por los niños

Concurso de FARO DE VIGO para escolares de 10 a 14 años

1.º—Podrán participar en este concurso todos los escolares de edades comprendidas entre los diez y catorce años. Podrán hacerlo a título individual o mediante el canal del colegio en que realizan sus estudios.

2.º—Los trabajos se presentarán en letra clara y legible, con una extensión mínima de un folio y máxima de tres, por una sola cara.

3.º—El tema será necesariamente referido a "LA MUJER" y podrá tratarse de una redacción escolar, una narración corta, o un comentario. Deberán de estar redactados en gallego o castellano.

4.º—Los trabajos se remitirán firmados por los alumnos, con el nombre, dirección, curso y colegio claramente especificados.

5.º—Se establecen los siguientes premios:

1.º—Un viaje a Disneyworld de cinco

Desde su sección semanal MULLERES y en colaboración con el suplemento de educación A PIZARRA, FARO DE VIGO convoca el PRIMER CONCURSO DE REDACCION Y NARRACIONES CORTAS SOBRE LA MUJER, que se registrará por las siguientes

BASES

días de duración, para el alumno ganador y un acompañante (Los gastos de este viaje comprenden desde la salida del ganador de su hogar hasta el regreso al mismo, corriendo a cargo de la organización del concurso los gastos de traslado, hospedaje y manutención del premiado y su acompañante). Este premio es gentileza de una institución oficial.

2.º—Un ordenador personal.

3.º—Una bicicleta.

4.º—Cinco lotes de libros para los trabajos clasificados en cuarto, quinto, sexto, séptimo y octavo lugar.

5.º—Doce bolsas de deportes, gentileza de FARO DE VIGO, para los tra-

bajos clasificados entre el noveno y veintavo lugar.

6.º—Se establece un premio consistente en una BIBLIOTECA BASICA que será entregada al colegio en que curse sus estudios el alumno ganador. FARO DE VIGO otorgará a los ganadores y sus colegios placas conmemorativas del concurso y de la clasificación en el mismo.

7.º—Los tres primeros trabajos ganadores serán publicados en la página semanal MULLERES de FARO DE VIGO y los diecisiete restantes, en función de la disponibilidad de espacio, serán igualmente publicados en MU-

LLERES o en A PIZARRA.

8.º—El plazo de admisión de originales finaliza el 21 de diciembre de 1985. El fallo del jurado será dado a conocer en la página MULLERES de 6 de febrero de 1986 y en A PIZARRA de 9 de febrero de 1986.

9.º—Los trabajos habrán de remitirse a FARO DE VIGO, concurso LA MUJER, apartado de correos 91. VIGO.

10.º—La entrega de premios se realizará en VIGO en fecha y local que oportunamente se anunciará.

11.º—El jurado será nombrado por la dirección de FARO DE VIGO entre personalidades del mundo de la enseñanza y la cultura gallega y dado a conocer en el momento del fallo.

12.º—Las decisiones del jurado serán inapelables.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

